

NORMATIVA

Regulamento do Traballo Fin de Grao da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo

Aprobado na xunta de centro do 23 de xullo de 2019
Modificado na xunta de centro do 06 de xullo de 2021
Modificado na Xunta de Centro do 06 de xuño de 2022
Modificado na Xunta de Centro do 19 de xullo de 2024

**REGULAMENTO DO TRABALLO FIN DE GRAO
DA FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

SUMARIO

- Artigo 1. Obxecto**
- Artigo 2. Definición do traballo de fin de grao**
- Artigo 3. Matrícula do traballo de fin de grao**
- Artigo 4. Titorización do traballo de fin de grao**
- Artigo 5. Asignacións da titorización e dos temas do traballo de fin de grao**
- Artigo 6. Presentación e defensa**
- Artigo 7. Avaliación e cualificación do traballo de fin de grao**
- Artigo 7bis. Avaliación e cualificación por Tribunal Colexiado**
- Artigo 7ter. Avaliación e cualificación por Tribunal Unipersoal**

REGULAMENTO DO TRABALLO FIN DE GRAO DA FACULTADE DE FILOXÍA E TRADUCIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Artigo 1. Obxecto

A presente normativa recolle as directrices xerais relativas á definición, elaboración, presentación, defensa, avaliación e tramitación administrativa dos traballos de fin de grao.

Artigo 2. Definición do traballo de fin de grao

1. O traballo de fin de grao (TFG) forma parte como módulo, materia ou disciplina do plan de estudos de todo título oficial de grao. No seu deseño debe preverse que a súa elaboración, avaliación e cualificación teñan lugar dentro do período previsto para realizar os estudos.
2. O traballo de fin de grao é un traballo persoal e orixinal que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo titorización docente, e debe permitirlle mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título. En ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera titulación nesta ou noutra universidade, aínda que pode integrar ou desenvolver traballo feitos nas actividades doutras materias da titulación. No caso de que o traballo reproduza un texto publicado dixitalmente ou en formato tradicional, sen que a persoa autora se faga eco desta circunstancia e o presente como propio e orixinal, considerárase como plaxio. O plaxio constituirá motivo de suspenso.
3. O feito de que o traballo de fin de grao sexa un labor persoal non exclúe que na FFT, excepcionalmente, para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente, poidan participar varios/as estudantes, cadaquén cunha parcela precisa da tarefa global. Isto será autorizado polo profesorado titor. Neste caso o alumnado implicado nun mesmo traballo compartirá a persoa titora e poderá ter o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación, defensa e avaliación serán individuais.
4. Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do traballo de fin de grao elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse coas persoas titoras, coas persoas cotitoras e coas entidades públicas ou privadas ás que pertencen, nos termos e condicións previstas na lexislación vixente.
5. O traballo de fin de grao poderá elaborarse en institucións e empresas externas á Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Neste caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa. A persoa titora académica compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da persoa titora académica facilitar a xestión.
6. O traballo de fin de grao terá a súa guía docente axeitada á normativa correspondente e única para cada titulación. As persoas responsables da materia serán as coordinadoras ou coordinadores dos graos. As persoas responsables de cubrir as actas

serán as secretarías e secretarios dos diferentes tribunais colexiados, e a persoa avaliadora no caso do tribunal unipersoal.

Artigo 3. Matrícula do traballo de fin de grao

1. Para poder matricularse no traballo de fin de grao será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.
2. A matrícula do traballo de fin de grao realizarase nos períodos oficiais de matriculación dos estudos de grao.
3. A matrícula do traballo de fin de grao dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se cumpran os requisitos para a súa defensa recollidos no artigo 6.9 desta normativa. De un/ha estudante non superar a materia nese curso, poderá solicitar presentarse na convocatoria adiantada do seguinte curso académico.
4. A validez da matrícula do traballo de fin de grao será a mesma que a de calquera outra materia e, polo tanto, remata o último día hábil do curso académico.
5. No caso de que o/a estudante teña depositado o traballo no centro e conte co informe favorable do seu titor ou titora antes da data límite de entrega de actas da convocatoria de xullo pero non reúna os requisitos para poder defender o traballo por ter materias pendentes, o/a estudante deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico.

Artigo 4. Titorización do traballo de fin de grao

1. Os traballos de fin de grao realizaranse baixo a supervisión e dirección dunha persoa que exercerá as tarefas de titorización.
2. A titorización consistirá en supervisar e orientar a/o estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación, defensa e calquera outro aspecto académico relativo ao traballo de fin de grao; así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a súa presentación e defensa.
3. Poderá actuar como titor/a calquera docente da FFT. Excepcionalmente, poderá actuar como titor/a calquera docente doutro centro da Universidade de Vigo, co visto e prace da coordinación da titulación ou do decano/a da FFT. Se a natureza do traballo de fin de grao o requirise, poderanse establecer equipos titoriais, tamén os formados por docentes da FFT e doutras facultades, que asumirán as tarefas de titorización nos termos que estableza a FFT.
4. Cando se dean casos de baixa prolongada da persoa titora ou finalizase a súa vinculación coa Universidade de Vigo, o/a decano/a a proposta da coordinación será a responsable da substitución do profesorado titor e establecerá os procedementos que sexan precisos.
5. Para garantir que a oferta de liñas e titoras/es sexa suficiente, todo o profesorado a tempo completo adscrito ao centro ten a obriga de ofrecer tres prazas de titorización (nunha mesma liña ou en diferentes liñas de traballo) e de dirixir os TFG que lle sexan asignados nesas liñas segundo a demanda. O profesorado a tempo parcial non ten obriga de dirixir TFG pero pode facelo voluntariamente. Se non se cobren as necesidades, requiriráselle ao profesorado a tempo completo que ofrezca unha praza máis.

6. Non se establece un límite máximo de TFG que pode titorizar un/ha docente de forma voluntaria; débese ter en conta, en todo caso, o número máximo de horas que a normativa da Universidade de Vigo permita recoñecer en concepto de titorización de TFG.
7. O profesorado ten a obriga de dedicarlle ao alumnado de TFG como mínimo as horas de atendimento recoñecidas na “Normativa de recoñecementos docentes” aprobada anualmente polo Consello de Goberno.

Artigo 5. Asignacións da titorización e dos temas do traballo de fin de grao

1. Para o anterior, establécese o seguinte procedemento:
 - Equipo decanal: solicitude aos departamentos da listaxe de liñas de traballo.
 - Dirección de Departamentos: entrega da listaxe de liñas de traballo específicas para cada titulación, vinculadas ás materias que se ofrecen no grao correspondente.
 - Estudantado: presentación por rexistro no Negociado de Asuntos Xerais da FFT do formulario coa súa preferencia de liñas de traballo, priorizadas.
 - Equipo decanal a proposta das coordinacións: asignación ao alumnado dunha liña de traballo e dun/unha titor/a. O criterio de atribución (prelación) é a cualificación media do alumnado nas disciplinas xa cursadas no grao.
 - Estudantado: de ser o caso, solicitude de modificación da asignación de liña de traballo, por escrito e por motivos xustificadas, perante a/o decana/o, quen resolverá previa consulta á coordinación de grao.
 - Equipo decanal: publicación da listaxe definitiva coa asignación de liñas de traballo e titorización, antes do 20 de decembro do curso correspondente.
2. Garantiráselle a todo o estudantado matriculado no traballo de fin de grao a asignación dunha persoa titora e dunha liña de traballo.
Unha vez feita a asignación definitiva, o/a decano/a, en consulta coa coordinación do grao, resolverá os casos en que o alumnado ou as persoas titoras soliciten, por escrito e de xeito xustificadas, un cambio na titorización ou na liña de traballo asignada.

Artigo 6. Presentación e defensa

1. As guías docentes da materia “Traballo de Fin de Grao” en cada titulación determinarán a extensión e as normas de estilo.
2. Cada traballo de fin de grao será presentado e defendido polo seu autor/a perante un tribunal de avaliación que o avaliará e cualificará.
3. A FFT publicará a convocatoria de defensa pública de cada traballo na que deberá figurar o día, a hora e a sala.
4. Na data especificada no calendario académico, o/a estudante terá que enviar unha copia electrónica [do](#) seu traballo en formato PDF a través da aplicación habilitada ao efecto.
5. Cada estudante solicitará a defensa do TFG na aplicación habilitada ao efecto.
6. Excepcionalmente, a Xunta de Centro ou, de ser o caso, a comisión en que esta delegue, poderá autorizar a defensa sen o preceptivo informe favorable da persoa titora, tras a petición formal e motivada polo/a estudante.
7. A defensa do traballo de fin de grao realizada polo estudantado será pública e

presencial. Excepcionalmente, e tras a petición formal e motivada polo/a estudante e a persoa titora ou cotitora, o/a decano/a, por delegación da Xunta de Centro, poderá autorizar a defensa a distancia de xeito virtual, sempre e cando concorran as condicións técnicas, administrativas e económicas que permitan a súa viabilidade.

8. A defensa consistirá nunha exposición dos aspectos principais do traballo durante un máximo de 10 minutos. O tribunal poderá debater co/a candidato/a sobre as cuestións que considere pertinentes durante outros 15 minutos en total.
9. O TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG.
10. O Negociado de Asuntos Xerais da FFT verificará que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data límite de entrega de actas aínda non se recepcionasen todas as actas, a secretaría do centro solicitará do profesorado encargado desas materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que solicitase defensa para esa convocatoria.

Artigo 7. Avaliación e cualificación do traballo de fin de grao

1. O presente regulamento prevé dous mecanismos de avaliación e cualificación do traballo de fin de grao: avaliación e defensa ante un tribunal colexiado ou ante un tribunal unipersoal. A guía docente de cada titulación deberá indicar a modalidade que se aplicará na súa titulación.
2. O tribunal de avaliación do TFG cualificará os traballos sometidos á súa avaliación tendo en conta a documentación presentada por cada estudante, a exposición pública do traballo e, de ser o caso, o informe da persoa titora.
3. Cada tribunal avaliador cubrirá unha acta de cada defensa, na que fará constar a cualificación proposta, desagregada segundo figure en cada guía docente, que será subida ao seu correspondente lugar no aplicativo habilitado para a xestión de TFGs.
4. A cualificación deberá ser numérica, de 0 a 10, e atenderá á calidade científica ou técnica do traballo presentado, a aspectos formais e á adquisición de contidos e competencias propias da titulación. Os criterios de avaliación quedarán recollidos na guía docente da materia en cada titulación.
5. O tribunal de avaliación poderá propoñer a cualificación de matrícula de honra (MH) nas condicións determinadas na normativa. Se houber máis propostas de MH das que lle corresponden á materia por número de estudantes matriculados/as, un tribunal, formado polo/a decano/a, ou persoa en quen delegue, que presidirá, e as coordinacións de grao, avaliará as propostas previo informe xustificativo do/a titor/a ou do tribunal colexiado propoñente da MH.
6. No caso de obter a cualificación de suspenso, o tribunal de avaliación achegaralle ao/á estudante un informe coas recomendacións oportunas para mellorar o traballo e a súa posterior avaliación en vindeiras oportunidades.
7. A entrega das actas dos traballos de fin de grao estará rexida polos tempos máximos de entrega de actas fixados no calendario académico oficial en cada convocatoria e pola data de inicio administrativa de cada curso académico.
8. A custodia dos traballos de fin de grao, unha vez defendidos, correspóndelle o profesorado titor, tal e como se fai con outras probas de avaliación.
9. Todos os TFG serán arquivados en formato electrónico no aplicativo de TFG habilitado

ao efecto.

Artigo 7bis. Avaliación e cualificación por Tribunal Colexiado

1. O/A decano/a do centro nomeará os tribunais colexiados a principios de cada curso académico, con validez por un ano académico. Os tribunais colexiados deberán actuar en cada unha das convocatorias de avaliación do curso correspondente.
2. É obriga de todo o profesorado a tempo completo formar parte dos tribunais de avaliación. A comezos de cada curso académico os/as direccións dos departamentos farán chegar as súas propostas de comisión ó centro.
3. O tribunal colexiado estará constituído polo menos por tres persoas que exercerán presidencia, secretaría e vogalía, podendo haber máis dunha persoa vogal. Debido ao número de traballos presentados, poderán nomearse varios tribunais para unha titulación.
4. A persoa titora deberá entregar o Informe de Conformidade no aplicativo de TFG habilitado ao efecto, con data límite a especificada no calendario oficial da FFT.
5. O profesorado titor deberá entregar na mesma plataforma tamén un Informe de Titor/a nas datas establecidas no calendario do centro no que figurará unha proposta de cualificación que terá un peso do 30% sobre a cualificación final.
6. O profesorado titor non pode formar parte do tribunal colexiado no momento en que se avalíe o traballo da persoa que titorice e deberá ser substituído pola persoa suplente. Porén, o titor ou titora poderá estar presente con dereito a voz no acto de defensa e nas deliberacións do tribunal de avaliación.
7. A cualificación proposta polo tribunal colexiado terá un peso do 70% sobre a cualificación final.

Artigo 7ter. Avaliación e cualificación por Tribunal Unipersoal

1. O/A decano/a do centro nomeará como tribunal unipersoal a persoa avaliadora do mesmo, antes do 20 de decembro do curso correspondente. O tribunal unipersoal deberá actuar en cada unha das convocatorias de avaliación do curso académico correspondente.
2. A persoa titora deberá entregar o Informe de Conformidade no aplicativo de TFG habilitado ao efecto, con data límite a especificada no calendario oficial da FFT.
3. No caso de que o tribunal unipersoal sexa a persoa que titoriza non se entregará o Informe de Titor/a.

O presente Regulamento do Traballo de Fin de Grao da Facultade de Filoloxía e Tradución entrará en vigor no día seguinte da súa aprobación en Xunta de Facultade.

Aprobado pola Xunta de Centro o 19 de xullo de 2019.

Modificado pola Xunta de Centro o 06 de xullo de 2021.

Modificado pola Xunta de Centro o 06 de xuño de 2022.

Modificado pola xunta de Centro o 19 de xullo de 2024.